

MEMORIA

2018



Responsabilidade social | **É**tica | **T**ransparencia

Pluralidade | **P**articipación | **T**raballo en rede

Utilidade | **E**ficacia | **A**ctualización | **H**orizontalidade

ÍNDICE

Presentación	3
Estrutura do Ceesg	4
Estado da colexiación	7
Actividades	8
Liñas estratéxicas	8
Lei de Educación Social	8
Regulación da profesión	10
Emprego e empregabilidade	12
Outras accións	13
Grupos de traballo	32
aBeira [Intervención socioeducativa con familias]	32
Diverdade [Diversidade funcional]	33
A Eira do Ceesg [Desenvolvemento comunitario e Educación ambiental]	35
Escaravellando [Infancia e adolescencia]	37
Fiadeiras [Igualdade]	38
Geix [Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica]	41
Miolo [Saúde]	42
Participación no CGCEES	43
Outras cuestións	44

Presentación

Comprácenos presentar a Memoria de Actividades 2018, un ano marcado no Ceesg polas eleccións á Xunta de Goberno, a través das cales un novo equipo de traballo pasou a estar á fronte do colexio para seguir loitando polos intereses e dereitos das persoas colexiadas e da profesión de Educación Social. Un punto e seguido ao traballo iniciado na lexislatura anterior a través de tres liñas estratéxicas, que recibiu o voto de confianza do colectivo profesional para continuar nesta liña, e seguir percorrendo o camiño da defensa profesional e afrontando novos retos baixo os mesmos principios e valores.

A Lei de Educación Social, o emprego e empregabilidade e a regulación profesional continuaron a ser os eixos sobre os que xirou a actividade principal do colexio, enmarcados noutras dúas liñas estratéxicas transversais: a visibilización e as relacións institucionais, e enriquecidos por outras

actividades que complementaron o plan de traballo marcado.

É gratificante ver avances cara o que propoñemos, mais tamén quedan cousas por facer; por iso seguimos traballando na mellora constante a través da incorporación de boas prácticas á dinámica de funcionamento do colexio. Esperamos así acadar todos os nosos obxectivos como institución e optimizar os esforzos investidos polas persoas que temos o compromiso de facer avanzar a nosa profesión á fronte do colexio profesional.

Xunta de Goberno do Ceesg

Estrutura do Ceesg

Xunta de Goberno 2015-2018



Mónica Serrano Soto
Presidenta



Lito Prado
Vicepresidente



Andrea Maroñas Bermúdez
Secretaria



Alfonso Tembrás López
Tesoureiro



Leticia Castro Torres
Vogal



Natalia Domínguez Galán
Vogal



Belén Piñeiro Álvarez
Vogal



Daniel Alves Rivera
Vogal



Eva Moldes Casal
Vogal



Priscila Maximino Bento
Vogal



Antón Bouzas Álvarez
Vogal



Beatriz Caneda Zamar
Vogal



Noelia Rodríguez Álvarez
Vogal



Beatriz Miranda Borrajo
Vogal



Sofia Riveiro Olveira
Vogal



Laura Vilaboy Romero
Vogal

Compoñentes da Xunta de Goberno ata as eleccións do 21 de abril de 2018.

Xunta de Goberno 2018-2022



Laura Vilaboy Romero
Presidenta
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3873



Natalia Domínguez Galán
Vicepresidenta
Área de Desenvolvemento Profesional e Área de
Acción Profesional
Colexiada nº 0398



Rocío Núñez Rúa
Secretaria
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 3867



Beatriz Caneda Zamar
Tesoureira
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3901



Antón Bouzas Álvarez
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiado nº 0968



Yovana Miñán Castellanos
Vogal
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 4970



Laura Casal Figueroa
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 0110



Belén Piñeiro Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 3286



Mercedes González Pazos
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 3994



Noelia Rodríguez Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 3408



Sonia González Rodríguez
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 3402



Paula Varela Costa
Vogal
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3680

Compoñentes da Xunta de Goberno actual, tras as eleccións do 21 de abril de 2018.

Organigrama

ASEMBLEA XERAL

Xunta de Goberno

Área de Comunicación e
Participación Colexial

Área de Desenvolvemento
Profesional

Área de Acción Profesional
e Sociolaboral

PICs

Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira
- A Eira do Ceesg
- Escravellando
- Ceesg en Diverdade
- Miolo

Comisións

Ética
Regularización

Persoal contratado

Secretaría Técnica

Educadora Social


Estado da colexiación

A 31 de decembro de 2018 estaban colexiadas no Ceesg un total de 878 educadoras e educadores sociais. (736 mulleres e 142 homes)


Durante o ano tramitáronse 115 altas e 52 baixas por diversos motivos, cun crecemento positivo, polo tanto, de 63 colexiacións en 2018.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2017/2018 houbo 10 estudantes, e no curso 2018/2019, a data 31/12/18, tamén 10.

Distribución do colectivo colexiadas/os, por sexos.



Motivos das baixas colexiais.



Actividades

Liñas estratéxicas 2018

Lei de Educación Social

No ano 2018 continuamos levando a cabo actuacións dirixidas á consecución dunha lei que recoñeza o dereito á Educación Social.

Segue en marcha a **campaña de difusión** na que animamos a colexiadas/os, cidadanía e entidades a enviar a súa propia petición dirixida á Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia do Goberno. No ano 2018 superáronse as 6000 peticións a nivel estatal.

Nas **redes sociais** mantivéronse os hashtag #PorunaLeydeEducaciónSocial e #LeiGalegaEducaciónSocial.

Organizouse en Vigo a **charla “Por que é necesaria unha Lei de Educación Social en Galicia?”**, onde o actor Antonio Durán ‘Morris’ tamén amosou o seu apoio á causa.



Mantivemos xuntanzas sobre este asunto con cada un dos grupos parlamentarios, con concellos, e trasladamos unha solicitude de apoio á FEGAMP. Neste ano, foi destacado o **avance no tocante ás entidades municipais**, pois aprobouse o apoio á regularización do dereito á Educación Social nas catro deputacións provinciais e en 13 concellos (A Coruña, Arteixo, Santiago de Compostela, Rianxo, Mondoñedo, O Barco de Valdeorras, Viana do Bolo, Moaña, Mugardos, Ames, Vedra, Cangas, Salceda de Caselas); en algúns casos tivemos ocasión de intervir nos plenos para apoiar a argumentación da necesidade desta lei.

Utilizamos as **presentacións** do documental “Fitos e feitos da Educación Social en Galicia” e calquera outro evento no que podemos participar para enfiar coa necesidade de creación desta lei.



POR QUE É IMPORTANTE UNHA LEI QUE REGULE A EDUCACIÓN SOCIAL EN GALICIA?

CHARLA-FALADOIRO

A cargo de:

- **Sofía Riveiro Olveira**, Educadora Social e Colaboradora do Ceesg.

Presenta: **Antón Bouzas Álvarez**, vogal da Xunta de Goberno do Ceesg e membro do foro socioeducativo Os Ningüéns.

Coa participación do actor **Antonio Durán "Morris"**, un dos rostros máis coñecidos do audiovisual galego, que se solidariza coa causa.

VIGO

OFICINA MUNICIPAL DO DISTRITO DO CASCO VELLO
(RÚA OLIVA, 12 - ANTES CENTRO CÍVICO DO CASCO VELLO)

ORGANIZAN:

21 DE XUÑO 19:30

ceesg
centro de estudos e investigación socioeducativa de galicia

FORO OS NINGÜENS



Regulación da profesión

Un dos asuntos prioritarios para o Ceesg dende a súa constitución como colexio profesional é o **recoñecemento dunha categoría única e exclusiva de Educador/a Social na Xunta de Galicia**. A este respecto, no ano 2018 mantivemos xuntanzas con responsables políticos, concretamente coa Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, e coa Dirección Xeral de Función Pública; tamén solicitamos unha xuntanza conxunta cos sindicatos.

No ámbito do exercicio privado, **reaccionamos á reapertura do centro educativo Montealegre (Ourense)** -para acollemento residencial de menores baixo tutela ou garda da Xunta, especializado na atención terapéutica-, nunhas condicións nas que non se esixe que o persoal educativo tivese titulación ou habilitación en Educación Social. Emitimos un comunicado expresando o rexeitamento e poñendo de manifesto o incumprimento do compromiso da Xunta de regularizar este tipo de persoal.

Publicouse o **Modelo de Informe Socioeducativo**, elaborado polo grupo de traballo aBeira coa colaboración de profesionais do sector e do ámbito universitario. Este modelo ten o obxectivo de servir como instrumento profesional para recoller o traballo de intervención realizado polas e polos profesionais da Educación Social en calquera ámbito de traballo. Iniciáronse tamén contactos coa Xunta de Galicia, coa intención de estandarizar e difundir este modelo.

Demos continuidade á **Escola da rúa**, onde se ofreceron cursos sobre dereitos laborais e sobre acoso sexual no traballo, o que entendemos como un xeito máis de sumar á regulación da profesión.

Los educadores sociales alertan de que no se exigirá la titulación para trabajar en el centro de menores Montealegre

El colegio que aglutina a los profesionales gallegos anuncia que tomará medidas legales



Outras accións:

- Formulamos alegacións ao Regulamento Orgánico e de Funcionamento do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, e mantivemos unha reunión con persoas traballadoras do centro.
- Solicitamos información ao Concello de Santiago sobre a dotación de persoal do futuro centro de atención 24 horas para persoas sen teito.
- Reforzamos a comunicación das accións realizadas nesta liña de traballo, para unha maior visibilización.



NOTA DE PRENSA

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

O Centro Montealegre, privatizado e sen garantía de persoal socioeducativo axeitado.

- *Ao persoal educativo do centro de menores non se lles esixirá a titulación ou habilitación en Educación Social.*
- *Ceesg estuda medidas legais para que se modifiquen as condicións da contratación.*


O centro Montealegre, que foi pechado no ano 2012 para acometer obras, reabrirá proximamente para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galicia, especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta. O DOG do 1 de marzo do 2018 recolle os pregos que rexerán a contratación da xestión e dirección deste centro en Ourense.

Á marxe da privatización do centro, aspecto que xa criticaron dende sindicatos e partidos políticos, e á que nos sumamos dende o Ceesg, queremos chamar a atención sobre o persoal educativo que se vai contratar. O requisito que debe cumprir é "estar en posesión dunha titulación universitaria media, superior ou de grao **en materias propias ou relacionadas**

PROPOSTA DE INFORME SOCIOEDUCATIVO

GRUPO DE TRABAJO ABEIRA

Grupo de intervención socioeducativa con familias
Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Emprego

O emprego e a empregabilidade seguen sendo unha prioridade para o colexio, e polo tanto continuouse na liña da busca de **ofertas de emprego** nas que poidamos participar as educadoras e educadores sociais. Foron en total 349 ofertas publicadas, que suman máis de 470 empregos.

Coa publicación, en decembro de 2017, da oferta de emprego público da Xunta de Galicia, difundimos un documento coas dúbidas máis frecuentes relacionadas con este proceso, dado o alto número de consultas que se recibiron ao respecto.

Tamén se reforzou a publicación de informacións relacionadas con **oportunidades de emprego**, sen ser directamente ofertas de traballo (información sobre o sistema de garantía xuvenil, subvencións para contratacións, programas de emprego, etc.)

Na liña de colaboración permanente que queremos manter co ámbito académico, fixemos dúas **presentacións** relacionadas

co emprego, dirixidas ao alumnado de Educación Social. A primeira foi na xornada “*E agora que, estudo ou traballo?*” organizada pola Universidade da Coruña, e a segunda foi unha charla sobre saídas profesionais no marco da materia “*inserción laboral e formación continua dos profesionais da Educación Social*”, da Universidade de Santiago.



**E agora que?
Estudo ou traballo?**
*Xornada de orientación
profesional na Educación Social*

26 de abril de 2018

Salón de Graos
Ciencias da Educación.UDC



EU QUERO UNHA LEI DE
EDUCACIÓN SOCIAL

#eiga2ilegaeducaciónsocial

Outras accións

Publicacións

No ano 2018 fíxose a distribución da revista **Galeduso** nº 12, monográfica sobre a Historia da Educación Social en Galicia, e fixéronse **presentacións nas tres universidades galegas**. Tamén quedou fixada a temática monográfica do que será o nº 13, que estará centrada en 'Educación Social e Escola', igualmente temos conformado parte do consello de redacción deste número.


Outra publicación destacada foi o **documentario 'Fitos e feitos da Educación Social en Galicia'**; no ano 2018 sacamos unha tirada de exemplares en formato DVD para lograr que poida chegar a calquera persoa que queira coñecer algo máis da nosa profesión, distribuíndoo a universidades e bibliotecas.

Realizouse a distribución do **folleto 'Funcións das educadoras e educadores sociais por ámbitos de actuación'** facéndollo chegar ao



profesorado de Educación Social das universidades galegas, para que o teñan en conta como material didáctico.

Viu a luz o **libro de actas do Congreso Internacional de Educación Social e Escola**, coa colaboración da Deputación de Ourense. A súa presentación tivo lugar no Pazo da Deputación, e posteriormente tamén



se presentou na Universidade de Santiago e na Escola de Educación Superior Paula Frassinetti (Porto).



Da man do grupo de traballo Miolo tamén presentamos o libro **‘Pedagogías radicales de (la) locura’** (Ed. UOC), contando con un dos seus autores, Miguel Salas Soneira, para manter un debate posterior.

PRESENTACIÓN de LIBRO
"Pedagogías radicales de (la) locura"
e debate
"O modelo de saúde actual e o papel da Educación Social"

- Miguel Salas Soneira. Autor do libro. Educador Social.
- Esperanza Rodríguez Martínez. Asociación Itinera.
- Rocío Núñez Rúa. Educadora Social en saúde mental.
- Moderador: Alfonso Vembrás López. Educador Social, integrante do Grupo de Traballo sobre saúde Miolo, do Ceesg.

7 de novembro 18:30
Sede do Ceesg
Rúa Lombas, 20, baixo
(Fontiñas)
Santiago de Compostela

GRUPO MILO 




Acción necesaria foi a **revisión e reedición da Guía de servizos** para persoas colexiadas e amigas do Ceesg, que facemos chegar a cada persoa que se incorpora ao colexio, e que temos incorporada na web.



O *Boletín do Ceesg* continuou estable a súa publicación, recollendo toda a actividade do Ceesg cada 2 meses.

Concursos

Publicamos o proxecto gañador da fase galega do 4º **concurso de proxectos de Educación Social Memorial Toni Juliá**, obra do colexiado Roberto Casteleiro Bouza, que leva por título *‘Naranja Imaginario. Música electrónica y diversidad funcional’*. Tamén fixemos promoción da 5ª edición do concurso, de novo intentando incentivar a



participación ao establecer premios para os proxectos que superen a fase autonómica.



Como estaba previsto, resolveuse o 5º **Concurso de traballos de fin de grao TFG.eduso**, no que resultaron gañadores os traballos:

- ‘*A administración local e Educación Social. Perfil profesional e laboral dos/as educadores/as sociais na administración local, os concellos e mancomunidades da provincia de Ourense*’, de Sandra Gavieiro (modalidade Educación Social estendida)
- ‘*Aproximación dende a Educación Social ao recoñecemento interprofesional da intersexualidade*’, de Vanesa Cobelas Díaz (modalidade Educación Social escondida)

A 6ª edición do concurso foi convocada, sendo esta na que máis traballos se teñen presentado: un total de 10. Segundo os prazos establecidos, resolverase o concurso no 2019.

6º concurso TFG.eduso

Causas, apoios, campañas...

De entre as diferentes causas que apoiamos, destacamos de xeito especial o apoio á **Folga Feminista** do 8 de marzo e o apoio á campaña **En negro contra as violencias**, co gallo do 25 de novembro, reafirmando o compromiso do colexio coa igualdade e o feminismo.



Tamén é salientable a participación na iniciativa do CGCEES que convida a colexios profesionais e a todo o colectivo de educadoras/es sociais a facer visibles as achegas da nosa profesión en diferentes eidos, aproveitando a conmemoración de Días Internacionais que teñen directa relación con algúns dos nosos ámbitos de traballo.



E tamén...

- Apoio a Cogami a prol do turismo para todas as persoas.
- Sinatura contra o peche da escola rural do Pedroso (Narón).
- Apoio a Amarelante nun concurso contra a despoboación rural.
- Apoio á candidatura de Antón Costa para o premio Luis Porteiro Garea, á promoción e uso do galego na Universidade de Santiago.

Representación institucional, eventos, colaboracións

A acción máis destacada neste eido, que foi delegada no grupo de traballo Diverdade, foi a **comparecencia no Parlamento de Galicia sobre diversidade funcional**, nunha sesión da *Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade*. Na mesma, achegáronse reflexións e propostas sobre o enfoque socioeducativo na intervención, e linguaxe inclusiva; o intrusismo laboral e regulación da nosa profesión; dominios da vida como emprego, lecer, vivenda... e a lexislación na materia. O texto íntegro da comparecencia pode verse na nosa páxina web.



Día Internacional da Educación Social

Quixemos celebrar este día xunto coas tres universidades galegas. As actividades organizadas xiraron arredor das publicacións máis recentes do Ceesg, de xeito que se presentaron a revista *Galeduso* nº 12, o folleto *Funcións das educadoras e educadores sociais por ámbitos de traballo* e o Documentario *Fitos e feitos da Educación Social en Galicia*.



Tamén nos sumamos á visibilización da profesión coas propostas chegadas dende o CGCEES, facendo as nosas achegas a través das redes sociais, non só usando o cancelo escollido para a ocasión #EdusoDay2018, senón tamén promocionando e participando na iniciativa 'Ponlle cara á Educación Social',

que consistiu en que cada quen subise un videoselfie explicando que lle aporta a profesión, por que a escolleron, en que ámbito a desenvolve, etc.



Redes sociais e páxina web

O Ceesg ten presenza nas redes sociais Facebook e Twitter. Son parte fundamental como vía de difusión das nosas actividades.

En **twitter** intensificouse a actividade, tendo a 31 de decembro 690 seguidoras/es.



203 seguidoras/es novas/os.

181 mencións.

671 chíos.

En **facebook** continuamos publicando información de interese, en maior medida que en twitter, e superamos a cifra de 5000 seguidoras/es (5023 a 31 de decembro)

En canto á **páxina web**, comezamos a traballar nunha total remodelación da web actual, que espera ver a luz no 2019.

Como parte integrada na web, mantivéronse as comunicacións **‘Avisos en liña’**, enviando un total de 106 envíos a persoas colexiadas, e 11 a persoas non colexiadas.

Medios de comunicación

Enviamos 6 notas de prensa aos medios de comunicación cos seguintes titulares:

1. *O Ceesg súmase á Folga Feminista.*
2. *O centro Montealegre, privatizado e sen garantías de persoal socioeducativo axeitado.*
3. *A Deputación de Pontevedra apoia regular a Educación Social.*
4. *O Concello da Coruña apoia regular a Educación Social.*
5. *Vigo acolle unha xornada informativa sobre a necesidade da Lei de Educación Social.*
6. *O Día Internacional da Educación Social faise visible nas Universidades Galegas.*

Tamén se enviou un comunicado expresando a repulsa pola sentenza da “Manada”, sobre a situación das pacientes

do Hospital de Conxo, e outro con motivo do Día Mundial da Saúde Mental, estes últimos por iniciativa do grupo Miolo.

Os medios contactaron co Ceesg en cinco ocasións para pedir declaracións ou entrevistas, e contabilizamos un total de doce impactos en prensa.

Achegas a normativas en trámite, documentos técnicos, e outras propostas

Á parte do xa recollido na liña estratéxica de regularización da profesión, houbo outras accións encamiñadas a propoñer melloras en textos normativos e técnicos. O máis destacado foron as alegacións ao proxecto de decreto da Risga. Non só enviamos as achegas en representación do Ceesg senón que ademais fomos unha das entidades asinantes do acordo colectivo **“Fagamos da Risga un verdadeiro dereito”**, subscrito por case unha vintena



de entidades sociais e políticas, que globalmente pretendía a reformulación do proxecto de decreto da Risga e da propia Lei de inclusión social e que as organizacións e colectivos asinantes puidésemos participar activamente e con carácter vinculante nese proceso de reformulación. Reivindicamos unha Risga: 1) Garantida e informada, 2) Dereito cidadán, 3) Suficiente e Digna, 4) Accesible e eficaz 5) Individualizada e Respectuosa 6) Efectiva e Sostible.

No marco deste mesmo acordo, sumámonos á campaña que leva o mesmo nome, que foi presentada en decembro de 2018 na Coruña, Vigo e Santiago.



E tamén...

- Achegas ao proxecto de Estratexia Nacional de Persoas Maiores (Geix)
- Achegas ao proxecto de decreto de creación do Observatorio Galego da Familia e a Infancia.
- Achegas á Guía coeducativa para centros escolares de Galicia.

Relacións institucionais coa administración

Entre as xuntanzas mantidas coa administración pública, queremos destacar o envío de **propostas no ámbito da Diversidade Funcional, Muller e Violencias Machistas**, que foron enviadas a todos os grupos parlamentarios, a raíz da comparecencia na comisión sobre discapacidade, a través dos grupos Fiadeiras e Diverdade.

Ademais das xuntanzas xa mencionadas en relación á petición de apoio á Lei de Educación Social, mantivemos varias xuntanzas con distintos departamentos

da Xunta de Galicia, entre os que cabe salientar a que tivo lugar coa Secretaría Xeral de Igualdade, na que presentamos a Xunta de Goberno e estudamos vías de colaboración. A raíz deste encontro, enviamos posteriormente unha **proposta concreta de colaboración para poñer en marcha un proxecto socioeducativo no ámbito rural, a través dos CIM.**

A Deputada de Benestar da Deputación da Coruña convocounos a unha xuntanza para consultarnos sobre a súa planificación dos servizos sociais na provincia, na que puidemos trasladarlle a nosa visión e propostas.

Outras colaboracións e propostas

Asinamos un **convenio coa FEGADEM** (Federación Galega de Esclerose Múltiple), que busca poñer en marcha medidas e puntos de defensa común. Este convenio supuxo a colaboración na elaboración dunha guía sobre a abordaxe da Esclerose Múltiple

E tamén...


- Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión Social e coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para presentar a proposta de Informe Socioeducativo.
- Xuntanza coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, para presentar a nova Xunta de Goberno.
- Xuntanza coa deputada de Benestar Social da Deputación de Pontevedra, para presentar a nova Xunta de Goberno.
- Xuntanza co servizo de Igualdade da Consellería de Educación, para estudar vías de colaboración.
- Xuntanza sobre o Plan provincial de Igualdade da Deputación da Coruña (Fiadeiras)
- Xuntanza coa Dirección Xeral de Innovación educativa, para propoñer a incorporación de educadoras/es sociais no sistema educativo.
- Xuntanza coa Deputada de Benestar da Deputación de Lugo, para presentar a nova Xunta de Goberno.
- Xuntanza coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para presentar a nova Xunta de Goberno e posibles colaboracións.

onde, xunto a outras disciplinas, poidamos achegar a visión e recomendacións dende a profesión de Educación Social. Os grupos Diversidade e Miolo foron os encargados desta tarefa.

Dende o Geix fíxose unha **proposta de colaboración ás Universidades** de Vigo e da Coruña para desenvolver o **mapa de recursos e profesiograma** no ámbito das persoas maiores.

O grupo A Eira do Ceesg colaborou activamente cun proxecto de **Censo de Entidades de Educación Ambiental en Galicia**.

Con Nova Escola Galega colaboramos para a coordinación da **sección ‘Educación social e escola’ da Revista Galega de Educación**.



Colaboracións de carácter estable

- Consello Galego de Benestar Social. Nomeamos novas representantes e participamos nos dous plenos convocados.
- Foro Galego de Inmigración. Participamos nas reunións mensuais, e nas iniciativas organizadas.
- Mesa local de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero, do concello de Santiago. Participamos na reunión convocada, delegando no grupo Fiadeiras.
- Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña. Asistimos a reunión de constitución, designamos a persoa representante e participamos no pleno convocado.
- Comisión de traballo sobre coeducación do Consello Galego das Mulleres. Designación de representante e asistencia ás xuntanzas.
- Designación de representante no Observatorio Galego de Violencia de Xénero e participación no pleno convocado, así como na xuntanza do grupo de traballo específico para a edición dunha guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.

Formación

Tivo continuidade a **Escola da Rúa**, que enmarcou os seguintes cursos:

Educación Social e Peritaxe (Ourense e Vigo)

Edición de Ourense:

Nº de inscricións: 10. Nº de asistentes: 9 (7 colexiadas/os ou amigas/os e 2 non colexiadas/os; 7 mulleres e 2 homes)

A valoración do alumnado resultou positiva cunha valoración global de 4 sobre 5.



Edición de Vigo:

Nº de inscricións: 13. Nº de asistentes: 12 (8 colexiadas e 4 non colexiadas; 10 mulleres e 2 homes)

A valoración das asistentes non foi tan

positiva como a anterior, indicando en moitos casos a inadecuación do local escollido. A valoración global foi de 2,5 sobre 5.



A peritaxe xudicial e a educación social



Cursos en
Ourense
12 e 13 de xaneiro
e Vigo
26 e 27 de xaneiro

(venres tarde e sábado mañá)

Colexiadas/os en desemprego
ou amigas/os do Ceesg: **25€**
Colexiadas en activo: **30€**
Outras situacións: **55€**

+ info: www.ceesg.gal

Formación básica para educadoras/es sociais dispostas/os a actuar como peritas/os ante xulgados e tribunais.

escoladarúa
Dereito, Educación social, CEESSG

ceesg
collección de educación e educación social de Galicia

Acoso sexual no traballo (Santiago).

Acoso sexual no traballo



escoladarúa
Dereito_ Educación social_ ceesg

ceesg
colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia

Charla a cargo de
Sandra Garrido Fernández,
avogada de A Sensu Contrario e membra do GIXS (Grupo de Intervención Xurídico-Social)

9 de marzo
17:00-20:00

Asistencia gratuita.
Necesaria inscrición.

Inscricións en:
www.ceesg.gal

Compostela
Sede do Ceesg

Nº de asistentes: 6 (5 colexiadas e 1 non colexiada; todas mulleres)

A valoración das alumnas foi moi positiva, cunha valoración global de 5 sobre 5, e con varios comentarios sobre a necesidade de seguir afondando neste tema.

Dereitos laborais das educadoras sociais (Santiago).

Dereitos laborais das educadoras e educadores sociais



escoladarúa
Dereito_ Educación social_ ceesg

ceesg
colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia

Formación a cargo do avogado **Fran del Buey**

4 de maio
17:00-20:00

Inscricións en:
www.ceesg.gal

Compostela
Sede do Ceesg
(Rúa Lisboa, 20, baixo)

Nº de inscricións: 11. Nº de asistentes: 8 (6 colexiadas/os e 2 non colexiada/os; 7 mulleres e 1 home)

A valoración das alumnas foi moi positiva, cunha valoración global de 4,57 sobre 5.

Dúas das formacións ofrecidas no 2018 formaron parte da proposta de proxectos de bolsa de formación: 'As artes na intervención socioeducativa con persoas maiores' e 'Estratexias eficaces para o acompañamento socioeducativo con mocidade en dificultade social'.

As artes na intervención socioeducativa con persoas maiores (Pontevedra)

FORMACIÓN

17 de marzo
Pontevedra

As artes
na intervención
socioeducativa con
persoas maiores

CURSO DE 7 h.

Información e inscricións:
www.ceesg.gal

ORGANIZA:
ceesg
colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia

COLABORAN:
PAZO DA CULTURA
PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Three paintbrushes with red, blue, and orange paint are shown at the bottom.

Nº de inscricións: 10. Nº de asistentes: 10 (4 colexiadas e 6 non colexiadas; todas mulleres)

A valoración das alumnas foi moi positiva, cunha valoración global de 4,56 sobre 5.

Estratexias eficaces para o acompañamento socioeducativo con mocidade en dificultade social (Ourense).

Estratexias eficaces para o acompañamento socioeducativo con mocidade en dificultade social

CURSO | 8 h.

Alondaremos no corpo teórico e na investigación recente na materia.

Reflexionaremos sobre a praxe profesional actual e a súa adecuación ás necesidades reais.

Fomentaremos un facer educativo de calidade, que supere paradigmas asistencialistas e/ou sobreprotectors, apostando por dinámicas asentadas no rigor profesional, propio da Educación Social.

Ourense
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade de Vigo
Campus As Lagoas
Edificio de Ferro,
Salón de Graos Vicente Risco.

9 e 16 de novembro
2018

16:00 a 20:00 h.

ceesg.gal
ceesg@ceesg.org
Tlf. 981 552 206

ceesg
colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia

A person's legs in jeans and pink sneakers are visible in the background.

Nº de inscricións: 15. Nº de asistentes: 10 (7 colexiadas, 1 amiga e 2 non colexiadas; todas mulleres)

A valoración das alumnas foi moi positiva, cunha valoración global de 4,90 sobre 5.

Ambas formacións tiveron boa acollida, polo que decidimos repetir a experiencia e abriuse unha nova convocatoria de proxectos formativos. Os proxectos seleccionados forman parte do plan de traballo 2019.

No Ceesg tivemos oportunidade de colaborar con outras entidades nas seguintes actividades :

Obradoiro: 'Comunica a conciencia'

A Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia **ACADAR** ofreceunos impartir este obradoiro sobre linguaxe inclusiva. Inscribíronse un total de 19 persoas, das cales 9 eran colexiadas e 10 non colexiadas; 17 mulleres e 2 homes.

PROXIMAMENTE
NOVAS
DATAS

Prazas limitadas

Comunica a conciencia

Obradoiro de comunicación inclusiva e non discriminatoria

• Data: 2 de Marzo do 2018
• Hora: 16:00 a 20:00 h.
• Lugar: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Inscribete:
ceesg@ceesg.org
Máis información:
info@acadar.org

Subvencions: Colabora: Organizan:

Fundación ONCE Ceesg ACADAR

Faladoiro 'Nada sobre nós sen nós',

VIGalicia, asociación sen ánimo de lucro que promove a autonomía persoal e o empoderamento das persoas con diversidade funcional, ofreceu este faladoiro para afondar na filosofía e ideario da Vida Independente. Inscribíronse 6 persoas, pero finalmente houbo moitas máis asistentes.

ceesg colexio de educadoras e educadores sociais de galicia

"NADA SOBRE NÓS SEN NÓS" - faladoiro -

Vigalicia

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Data: Venres 28 de setembro
Hora: 17:30 h
Lugar: Sede do Ceesg

Dereitos Humanos xa !!



Asesoramento xurídico

O noso servizo xurídico recibiu no 2018 un total de 9 consultas de persoas colexiadas, todas elas relacionadas con cuestións de dereitos laborais.

A petición do Ceesg, valorou a viabilidade de denuncia do Regulamento de Organización e Funcionamento do centro infantil Príncipe Felipe e dos pregos de contratación do centro de menores Montealegre.

No 2018 entrou en vigor o novo Regulamento Europeo de Protección de datos, polo que nomeamos ao noso asesor xurídico como Delegado de Protección de Datos para a posta ao día da documentación e procedementos do colexio aos que lles afecta esta materia.

Tamén foi o servizo xurídico o encargado de levar a cabo as formacións da 'Escola da Rúa' e a conferencia celebrada na asemblea.



A SENSU CONTRARIO
RESPOSTAS XURÍDICAS

Email

O Ceesg ofrece a posibilidade ás persoas colexiadas de crear unha conta co dominio ceesg.org

A 31 de decembro, había creadas **113 contas** de correo ceesg.org.

Biblioteca

O fondo bibliográfico conta actualmente con máis de 1400 exemplares entre libros e revistas.

En 2018 realizáronse 10 préstamos de exemplares.



Préstamo de instalacións

A sede do Ceesg é un espazo aberto e de encontro para a Educación Social, estando á disposición das persoas colexiadas e de entidades que poidan atopar nas nosas instalacións un recurso útil para desenvolver as súas actividades.

No ano 2018 realizouse un préstamo das instalacións a unha persoa colexiada que o solicitou.

Atención colexial e á cidadanía

Rexistráronse un total de 80 consultas, das que 41 foron de persoas colexiadas, 17 de estudantes, 11 de persoas non colexiadas e 11 doutros colexios profesionais de educación social do estado.

Seguro de RC

O Colexio ofrece un Seguro de Responsabilidade Civil Profesional que colexiadas e colexiados poden subscribir de xeito voluntario, pagando unha cota anual á

parte da correspondente á colexiación (que no 2018 foi de 4,50€) Formalizáronse ao longo do ano **104** subscricións a este seguro.

Descontos

Foron varias as entidades que ofreceron descontos en accións formativas.

- Ill especialista en Mediación familiar, escolar e penal. *CPESRM*.
- Pack Formativo Online Certificado e Acreditado de Cooperación Internacional. *Centro Internacional de Formación Virtual*.
- Experto en Mediación Familiar. *Escuela Española de Mediación y Resolución de Conflictos*.
- Aproximación á atención integral e ao lecer terapéutico. *Arabías*.
- Oposicións de educación. *Ingafid*.
- Five Inspiration Forum. *Una Grupo*.
- Adolescentes difíciles. *Asociación Imetosha*.
- Programa modular Acción Socioeducativa con colectivos vulnerables. *UNED*.
- Do conflito ao soño. *Rexenerando*.

ción Imetosha.

Ademais, houbo varias academias de oposición que ofreceron condicións vantaxosas para as persoas colexiadas que preparan as probas para as prazas de Educador/a da Oferta de Emprego Público da Xunta de Galicia.

Peritaxe


Como cada ano, enviamos aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións peperiicias. Enviamos as listaxes de 2018 en xaneiro, e a finais de ano abrimos o prazo de envío de solicitudes para as listaxes de 2019. No ano 2018 recibíronse 16 solicitudes.

Asemblea e eleccións

O día 21 de abril de 2018 celebrouse en Santiago de Compostela a Asemblea Xeral Ordinaria do Ceeg, na que se aprobaron os plans de traballo, orzamentos e memorias do colexio. Ademais foi unha asemblea elec-

electoral, polo que houbo un relevo nos cargos que forman a Xunta de Goberno. Presentouse unha soa candidatura que resultou electa con maioría de votos positivos.

Aproveitando esta ocasión quixemos acoller dúas actividades de interese para o colectivo



colexial. En primeiro lugar, o noso asesor xurídico, Fran del Buey, explicou cal é o papel da asesoría xurídica para colexiadas/os. Como broche de xornada proxectouse a curta *Matria*, dirixida polo galego Álvaro Gago e premiada en varios festivais internacionais de prestixio. No coloquio posterior contamos coa actriz principal, Francisca Iglesias.

Actos ou eventos nos que participamos:

- Intervención no Foro Feminista do Parlamento Europeo “Feminism without borders” por parte do grupo Fiadeiras.
- Presentación do colexio ao alumnado da materia “formación e profesionalización na Educación Social”
- Presentación do libro “Machismos, de micro nada” na Universidade de Santiago de Compostela.
- Xornada de benvinda ao alumnado de Educación Social da Universidade da Coruña.
- Participación no Photocall pola Educación para o cambio climático, de Resclima, a través do grupo A Eira do Ceesg.
- Colaboración co punto violeta da Feira 1900 de Arteixo, achegándolles materiais.
- Intervención no III Encontro provincial pola inclusión, da Deputación de Pontevedra.
- Intervención no VII Encontro dos Servizos Sociais comunitarios dos concellos do Consorcio das Mariñas.
- Moderación dunha mesa nas VIII Xornadas de promoción da Igualdade e Prevención da violencia de xénero do Concello de Ames.
- Colaboración e participación na inauguración das Xornadas de experiencias culturais, organizadas polo alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago.
- Galisenior. Salón Galego das persoas maiores. Participación no Comité Asesor.
- Intervención nunha mesa nas Xornadas luso-galaicas de Educación Social e psicoloxía con persoas maiores, por parte do grupo Geix.



Actos ou eventos aos que asistimos:

- Acto polo Día Mundial do Traballo Social.
- 6ª Xornadas de interpretación e dinamización do medio rural.
- Mesa-encontro sobre migracións.
- Acto da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, polo día do seu patrón.
- Acto do Día Internacional do Pobo Xitano.
- Presentación do libro *A historia de Lambarí*.
- Xornada sobre desenvolvemento sostible.
- III Foro de Economía Social.
- Seminario *Hábitat a escala humana*.
- Mesa redonda sobre eliminación da violencia de xénero.
- Xornada *Cultura inclusiva e accesible*.
- Congreso Galego da Infancia.
- Participación nos actos da campaña 'Traballo digno no fogar e nos coidados'.
- Presentación da SEVIFIP en Galicia.
- XX Congreso Estatal de Voluntariado.
- Xornadas de Inclusión Social do Concello de Ferrol.
- Participación no encontro multisectorial da estratexia de infraestruturas verdes de Galicia.
- III Foro de Esclerose Múltiple.
- Xornada Alcohol y menores. Tiempo de soluciones.



Grupos de traballo

aBeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias.

Informe Socioeducativo (ISE).

Fíxose público o modelo de Informe Socioeducativo a través da web do colexio. Tamén participamos na xuntanza mantida coa Dirección Xeral de Inclusión Social e coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para propoñerlles darlle oficialidade e promover a súa estandarización e uso tanto nos servizos sociais comunitarios como nos especializados. Para contribuír á difusión do ISE entre as persoas colexiadas, publicamos un artigo no Boletín do Ceesg explicando a importancia deste documento. Así mesmo formulamos unha proposta de formación sobre o ISE, para impartir na asemblea 2019.

Módulo para o SEAF.

Comezamos o traballo para realizar unha proposta de mellora de incorporación dun módulo específico para o SEAF no SIUSS.



Xuntanzas mantidas:

- 3, unha delas conxunta cos demais grupos de traballo e Xunta de Goberno do Ceesg.

Integrantes (2018):

- Eva Moldes Casal (coordinadora)
- Sonia González Rodríguez.
- Estefanía Lema Moreira.
- Ana M^a. Domínguez Márquez.
- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Mónica Fernández Gesteira.

Altas no 2018: non houbo

Baixas no 2018: Eva Moldes Casal.

Ceesg en Diverdade, grupo de traballo sobre Diversidade Funcional

Proposta formativa.

Comezamos a traballar nunha proposta formativa, marcando a dinámica a seguir para a súa planificación. Temos escollido o tema: 'Tríada: Vida Independente, Diversidade Funcional e Educación Social'

Base de arquivos con material sobre Diversidade Funcional Humana.

Esta actividade, en proceso de actualización permanente, consisten en recompilar materiais clasificándoos por tipo de material (audiovisual, bibliografía, música, páxinas web, etc.) e por tipo de diversidade funcional (física, sensorial, intelectual...)

Facebook.

Elaborouse un listado de publicacións para ter contido suficiente para comezar a publicar nesta rede social nos comezos de 2019.

Listaxe de entidades.

Mantemos unha lista de entidades clasificadas por tipo de diversidade funcional e provincia.

Logotipo.



Comezamos a traballar nun logotipo que identifique o grupo de traballo.

Encomendas do Ceesg.

- Comparecencia na Comisión de Discapacidade no Parlamento de Galicia.
- Colaboración no documento "Mulleres con Diversidade Funcional e Violencias Machistas".
- Asistencia ao faladoiro "Nada sobre nós, sen nós"
- Participación no III Encontro Provincial pola Inclusión.
- Colaboración coa FEGADEM para a elaboración da guía de consenso sobre a Esclerose Múltiple.

Xuntanzas mantidas:

- 5, dúas delas conxuntas cos demais grupos de traballo e Xunta de Gober-

no do Ceesg.

Integrantes (2018):

- Estefanía Estévez Cacheiro
(coordinadora)
- Paula Varela Costa (coordinadora)
- Noelia Parente Vieites.

Altas no 2018: non houbo.

Baixas no 2018: non houbo.

A Eira do Ceesg, Grupo de traballo sobre Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental

Censo de recursos.

Pola oportunidade de colaboración coa SGEA e outras entidades interesadas, en vez da idea inicial de realizar un censo de recursos de Educación Ambiental, decidiuse centrar os esforzos na elaboración dun censo a nivel galego de iniciativas sociais relacionadas coa sustentabilidade social e ambiental.

Neste sentido, a Eira participou moi activamente con outras entidades, colectivos e persoas, no deseño do instrumento e na recollida de datos para a realización deste censo, no que se recolleron máis de sesenta iniciativas, moitas das cales reportan as actividades de educación ambiental que desenvolven.

Realizar o Mapeo de EA a partir do Censo.

Como resultado da realización do devandito censo, elaborouse unha cartografía dixital na que se pode acceder a toda a información recompilada sobre as iniciativas, e que está dispoñible na páxina deseñada para tal efec-



to en colaboración da Eira con outras entidades e colectivos: www.rizomas.gal. Esta páxina, aínda en construción, será presentada en público previsiblemente a principios do ano 2019.

Colaborar na edición da páxina web. www.rizomas.gal

Participación activa no desenvolvemento do formato, estética e contidos da plataforma web en colaboración cun programador, Daniel Albo, quen ía dando forma tanto as nosas aportacións, como as das persoas implicadas no proxecto.

Neste punto, estanse completando os contidos, por exemplo os recursos e experiencias. Así, pediráselle información sobre isto tanto as entidades que xa forman parte da plataforma, como as que intentarase sumar

trala súa publicación e difusión.

Autocoidado e cohesión.

Como consideramos a finais do ano anterior que precisabamos un traballo interno de consolidación do grupo mediante o coidado das relacións entre as súas compoñentes, durante este ano 2018 puxemos especial empeño en procurarnos momentos de lecer grupais, sempre que os horarios de traballo e outros compromisos así o permitían.

Busca de lecturas e cursos para a formación do grupo.

Durante o ano buscamos recursos e actividades do noso interese como membros do grupo, aos que finalmente non puidemos acudir.

Acudir a cursos para formación do grupo.

Ao longo do ano, distintos membros da Eira teñen asistido a varios eventos de formación e divulgación académica relacionada coa educación ambiental (por exemplo, o Colloque international de recherche Éducation relative à l'environnement auprès des adultes –Sherbrooke, Quebec-, o XV Seminario de Educación y Comunicación del Cambio

Climático –Valsaín, Segovia- e o III Congreso Internacional de Educação, Ambiente e Desenvolvimento –Leiría, Portugal-), colaborando activamente dúas de nós na organización do IV Seminario Internacional Rescli-ma e 2º Encontro da REAJA, celebrado en Santiago de Compostela os pasados 26 e 27 de outubro.

Xuntanzas mantidas:

- 4, unha delas conxunta cos demais grupos de traballo e Xunta de Goberno do Ceeg.

Integrantes (2018):

- Nereida Rivero Cruz (coordinadora)
- M^a del Valle Marcos García-Conde.
- Enma Alcaide Ucha.
- Kylyan Marc Bisquert i Pérez.

Altas no 2018: non houbo.

Baixas no 2018: non houbo.

Escaravellando, Grupo de traballo sobre Infancia e Adolescencia

O 2018 serviu para asentarnos como grupo, centrando o interese na figura da Educación Social na escola e visibilizando a nosa profesión no ámbito da infancia e adolescencia.

Día Universal da/o Nena/o.

A idea dos cafés experienciais desenvolveuse aproveitando esta data sinalada. En Ourense celebramos o encontro-faladoiro no que, diante dunha merenda de comercio xusto e de proximidade, convidamos a toda persoa que quixese achegarse para compartir inxerencias e reflexionar sobre a nosa forma de actuar coa Infancia e a Mocidade.


Facebook.

Ao longo do ano compartimos contidos lacionados a Educación social e coa infancia e adolescencia.

Educadoras/es sociais en centros lares.

Realizamos contactos con educadoras/es sociais que traballan neste ámbito noutras comunidades autónomas, para comezar a traballar nun artigo sobre esta temática.

Encomendas do Ceesg:



GRUPO DE TRABALLO SOBRE INFANCIA E ADOLESCENCIA

- Entrevista con alumnado de Socioloxía sobre as intervencións con infancia e adolescencia, para un traballo académico.

Xuntanzas mantidas:

- 6, dúas delas conxuntas cos demais grupos de traballo e Xunta de Goberno do Ceesg.

Integrantes (2018):

- María Quintas Sotelo (coordinadora)
- Beatriz Caneda Zamar.
- José Luís Carballo Iglesias.

Altas no 2018: Noemí Blanco Souto.

Baixas no 2018: Laura Morales Rodríguez, María Piñeiro Freire.

Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade

Xuntanzas autoformativas.

Entendemos o grupo de traballo un espazo de encontro, reflexión e autoformación en materia de Igualdade, e no 2018 puidemos organizar dúas sesións de autoformación, contando con Lola Ferreiro Díaz.

Coordinación con entidades de formación.

Difusión de formación, actividades e convocatorias a través do Facebook de grupo.

Facebook.

Uso como vía de difusión e denuncia social das discriminacións machistas.

Difusión e participación na campaña a prol da Lei de Educación Social.

Colaboramos co Ceesg da difusión da campaña nas actividades anuais e no facebook.

Presentación de 'Machismos, de micro nada'.



Presentamos o libro na Coruña, en colaboración con Fundación Mujeres.

Conversas feministas Fiadeiras.

As conversas feministas tratan de visibilizar e dar valor ao traballo de diversas autoras galegas e conversar e reflexionar sobre temas como a violencia de xénero, abusos sexuais a menores, transexualidade, ... desde a perspectiva feminista.

Tiveron lugar o 19 de marzo na Coruña, con Eli Ríos sobre o seu libro 'Luns', e o 15 de novembro en Culleredo con Tania Merelas, co seu libro 'Comezar desde cero. Voces de mulleres recuperando as súas vidas.

Presentación no COFP Portovello.

Aceptamos o convite para presentar ao grupo así como para aportar o noso punto de vista sobre a perspectiva de xénero na intervención social no Ciclo de Integración Social do COFP Portovello, en Ourense.

Proposta peche folga 8 marzo.

O grupo formulou ao Ceesg a proposta de peche do Ceesg en apoio á folga feminista.

Participación no Foro Feminista do Parlamento Europeo.

Fomos convidadas polo grupo AGE a participar no Foro Feminista celebrado en Bruxelas os días 6, 7 e 8 de marzo, ao que acudimos representando ao Ceesg.

Intervención no programa de radio.

Tivemos ocasión de participar no programa de radio Clandestino (COPESA) co obxectivo de visibilizar a nosa profesión e conversar sobre o papel feminista.

Participación na presentación do libro 'O feminismo, imprescindible para construír outra Europa'.

Acudimos a presentar este libro editado por

Lidia Senra, no que o grupo Fiadeiras tivemos unha colaboración.

Artigo en publicación do I Congreso Iberoamericano de Educación Social.

Revisamos o artigo elaborado para o 'I Congreso iberoamericano de Educación Social en contextos en situaciones de riesgo y conflicto' incluído finalmente no libro 'La educación ante la vulnerabilidad y el riesgo social en Iberoamérica: Infancia y género en los contextos educativos.'

Encomendas do Ceesg.

- Representación no Observatorio Galego da Violencia de Xénero, e no grupo de traballo 3 "abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo"
- Redacción do comunicado contra a sentenza da Manada.
- Redacción, xunto co grupo de traballo Diverdade, de proposta de "intervencións mulleres + violencia + diversidade funcional" a petición do grupo parlamentaio BNG para a

Comisión de Discapacidade do Parlamento Galego.

- Representación do Ceesg na Comisión de Coeducación do Consello Galego das Mulleres, e achegas ao borrador de guía de coeducación.
- Representación do Ceesg na mesa de Coordinación local contra a Violencia de Xénero do Concello de Santiago.
- Deseño de plan de actividades socioeducativas para mulleres a través dos CIM, para propoñerllo á Secretaría Xeral de Igualdade.
- Representación do Ceesg na xuntanza coa Deputación da Coruña sobre o Plan de Acción das Políticas de Promoción da Igualdade.
- Colaboración con varias estudantes para realización de traballos académicos.
- Cesión de materiais para o stand punto violeta da Feira 1900 de Arteixo, así como á asociación Berenguela pola Igualdade, para a súa

‘Andaina polo bo trato’.

Xuntanzas mantidas:

- 7, dúas delas conxuntas cos demais grupos de traballo e Xunta de Goberno do Ceesg.

Integrantes (2018):

- Maite Sío Docampo (coordinadora)
- Tania Merelas Iglesias.
- Natalia Domínguez Galán.
- Eva Bastón Martínez.
- Isabel Taboada Mougán.
- Raquel López Fernández.
- Noelia Darriba García.

Altas no 2018: non houbo.

Baixas no 2018: non houbo

Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica

Convenios de colaboración.

Comezouse unha revisión dos convenios que o Ceesg ten asinados con entidades relacionadas co sector das persoas maiores.

Convenio colectivo de residencias privadas.

Fixéronse contactos con organizacións sindicais e unha revisión do novo convenio colectivo.

Profesiograma e mapa de recursos.


Fixemos a proposta para que se realice unha investigación a través dalgún dos practicum ou TFG das Universidades de Vigo e Coruña.

Facebook.

Mantivemos activo o noso perfil compartindo información relacionada coas persoas maiores e coa Educación Social.

Encomendas do Ceesg:

- Achegas ao proxecto de Estratexia Nacional de Persoas Maiores.
- Continuidade na Comisión de Envellecemento Activo do CGCEES.
- Colaboración no Galisenior 2018.



Xuntanzas mantidas:

- 2, unha delas conxunta de Grupos de Traballo e Xunta de Goberno.

Integrantes (2018):

- Mónica Serrano Soto (coordinadora)
- Aurelio Prado Rodríguez (coordinador)
- Laura Vilaboy Romero
- Mercedes González Pazos
- M^a Esther Pérez Enríquez
- Montserrat García López
- Selene Arias Sáez
- Vanessa Villar Armada
- Montserrat Groba Represas
- Laura Rodríguez Bouza

Incorporacións no 2018: Selene Arias Sáez, Vanessa Villar Armada e Montserrat Groba Represas.

Baixas no 2018: Montserrat Groba Represas.

Miolo, Grupo de Saúde

Profesiograma.

Comezamos a elaborar o borrador da enquisa para a súa elaboración.

Relacións institucionais.

Apoio e presenza en actos relacionados coa saúde e a educación social levados a cabo en Galicia, acudindo a diversas xornadas.

Comunicados.

Emitimos un comunicado pola situación das pacientes do Hospital Psiquiátrico de Conxo, e outro polo Día Mundial da Saúde Mental.

Encontro/Conversa.

Organizamos a presentación do libro 'Pedagogías radicales de (la) locura', levando a cabo deste xeito o I Encontro/Conversa sobre educación social e saúde.

Encomendas do Ceesg

- Supervisión da guía elaborada polo grupo Diversidade en colaboración con FE-
GADEM.



Xuntanzas mantidas:

- 2, unha delas conxunta cos demais grupos de traballo e Xunta de Goberno.

Integrantes (2018):

- Rocío Núñez Rúa.
- Alfonso Tembrás López.
- Laura Casal Figueroa.
- Manuel Rodríguez Iglesias.

Incorporacións no 2018: non houbo

Baixas no 2018: non houbo.

Participación no CGCEES

O 2018 tamén foi ano electoral para o Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES), que renovou a súa Xunta de Goberno en maio, e na que o Ceesg seguiu estando representado, como vocalía.



Asumimos a coordinación do Comité de Comunicación, que celebrou varias xuntanzas presenciais e virtuais ao longo do ano, e designamos unha representante para a Comisión de Xénero e Igualdade.

Entre as colaboracións realizadas, podemos destacar a proposta de persoas expertas no eido da infancia para a revisión da proposta de Lei de atención integral contra a violencia á infancia; a colaboración na selección dunha

experta en Igualdade para a valoración dos proxectos que a FEMP financia nesta materia, ou a participación nas campañas de visibilización da profesión pola conmemoración de algúns Días internacionais relacionados coa educación social.

Participamos nas asembleas celebradas, así como na Escola de Outono, un encontro de tres días para debater, reflexionar, intercambiar coñecementos e experiencias, establecer estratexias de futuro e de colaboración. Esta escola configúrose como encontro de traballo conxunto de todos os colexios de educación social do estado, incluíndo unha xuntanza das Secretarías Técnicas e outra das Xuntas de goberno e presidencias, así como unha xuntanza do Comité de Comunicación.

Outras cuestións

Retribucións dos membros da Xunta de Goberno

Ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe das cotas colexiais

Cota de alta:

- No 1º ano dende a obtención do grao: 15€
- No 2º ano dende a obtención do grao: 35€
- A partir do 2º ano dende a obtención do grao: 65€

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 71,90€
- Bonificada por desemprego: 35,95€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 53,93€

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007.

Actualización automática das cotas de mantemento colexial anualmente segundo o IPC aprobada en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017.

Cotas de amigas/os do Ceeg: 20€ por curso académico, segundo o aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2012.

Procedementos informativos e sancionadores

Non houbo

Queixas e reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras

Non houbo

Cambios no contido do código deontolóxico

Non houbo



ceesg.gal